



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

**Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organización e
Psicoloxía Xurídica-Forense**

Curso Académico: Curso 2019-2020

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as organizacións, e Psicoloxía Xurídica-Forense
Mencións/Especialidades	Especialidades: <ul style="list-style-type: none"> • Psicoloxía do Traballo e as Organizacións • Psicoloxía Xurídica-Forense
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Relacións Laborais
Centro/s onde se imparte	Facultade de Relacións Laborais
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2019-2020
Data acreditación ex ante (verificación)	05/06/2019
Data renovación acreditación	

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Este título, do que oficialmente o curso 2019-2020 sería o primeiro ano de implantación, en realidade resulta da adaptación dun título anterior (Master en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídico-Forense e de Intervención Social), cuxo desenvolvemento (dende o curso académico 2010-2011 ata o 2018-2019) foi acompañado de indicadores altamente satisfactorios. Deste xeito a CAM reflexiona sobre as positivas repercusións da experiencia acumulada a prtires da implementación do título sinalado.

En canto ao perfil formativo (de carácter mixto, profesionalizante e investigador), aínda que o máster non habilita, na actualidade, para unha profesión regulada, a CAM valora de maneira xeral que esta titulación mantén a súa vixencia. Tendo en conta o **Estudo de Inserción Laboral do SIIU** (afiliación á Seguridade Social), que corresponde á cohorte de egresados en 2013-2014, a taxa de afiliación acadou un 42% un ano despois de rematar, e mesmo no grupo de cotización universitario (64.3%), e ascende 2 anos despois ata o 67.7%, cunha porcentaxe dun 76.2% no grupo de universitarios. A alta temporalidade dos empregos que acadan os egresados, é indicativa da situación do mercado laboral no noso país neste período.

Cabe sinalar que nos últimos anos, o Consejo General de Psicología de España creou as divisións profesionais que se corresponden cos ámbitos do máster:

División de Psicoloxía do Traballo, e as Organizacións, e RRHH (Humanos (PTORH): <http://www.ptorh.cop.es/>

-División de Psicoloxía Xurídica (PSiJur): <http://www.psijur.cop.es/>

Estas divisións teñen como finalidade coordinar, integrar e desenrolar as actividades científico-profesionais e tamén contribuir á **acreditación das competencias profesionais nestas materias**, nas que esta titulación asenta o seu programa formativo. Deste xeito, consideramos que a formación desde máster oficial mantén a súa vixencia, e pode contribuir de xeito significativo a acreditación de competencias. Sirvan como exemplos:

- División de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e os Recursos Humanos, conta cunha acreditación de experto en Coaching. <http://www.cop.es/formacion>
- Tamén o recoñecemento deste máster nos procedementos de acreditación que teñen empregado algúns colexios profesionais (COP- C, o COP- M, COP-AO, ou COP-Tenerife, en colaboración coa SEPJF). Para este fin habilitaron un procedemento de acreditación cun baremo en cuxos criterios se contempla a aplicación directa da formación que ofrece este máster:
 - a. Ao valorarse a formación teórica "serán de aplicación automática os Máster Oficiais aprobados pola ANECA nas competencias que se relacionen na Memoria de Verificación do Título" (p. 6)

- b. A efectos de valorarse a “presentación e defensa oral dun informe pericial real ante o Comité de Acreditación en Psicoloxía Forense” como criterio de acreditación considérase “o Traballo Fin de Máster nos Másteres Oficiais aprobados pola ANECA, se aquel implica a presentación e defensa dun informe pericial validarase este requisito” (p. 8). Por tanto, considérase non só a vixencia deste perfil formativo, a posta en valor da formación teórica e do Traballo Fin de Máster dos nosos alumnos/ as, con **recoñecemento e validación da formación recibida para o proceso de acreditación como profesionais**.

Como xa se indicou noutros informes de seguimento, dende a CCAA estase a realizar un seguimento dos cambios normativos que afectan **aos perfís profesionais** do máster (p.e., Lei Orgánica 7/2015, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/1985 do 1 de Xullo do Poder Xudicial, Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Este título confórmasse en dúas especialidades formativas: a) Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, e b) Psicoloxía Xurídica-Forense. O alumno/a debe cursar, 60 créditos. O plan de estudos do master estrutúrase en dúas partes, unha primeira na que se deben cursar 24 créditos obrigatorios (que son comuns para as dúas especialidades) e unha segunda, de mínimo de 24 créditos optativos que deberá cursar para cada especialidade (a elixir entre unha oferta total 30 créditos optativos para a especialidade de Psicoloxía Xurídica e Forense e 42 para a especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións). Os estudantes, se o desexan, poderán cursar en dous anos as dúas especialidades, unicamente tendo que superar os créditos optativos de cada especialidade e presentando dous TFM. A CAM reflexiona sobre as vantaxes que a estrutura do título supón para posibilitar esta posibilidade, plateando unha acción de mellora dirixida a promover esta *dobre titulación* (AM_MPTOXF-1).

Hai que ter en conta que o curso 2019-2020, fundamentalmente en parte do segundo semestre (a partires do mes de marzo) viuse alterado na súa previsión polo establecemento do estado de alarma sanitaria derivado da COVID-19. Aínda así, tanto dende a coordinación do master como dende o profesorado, tratouse de garantir ao máximo a calidade docencia para que os estudantes fosen quen de adquirir as competencias profesionais previstas na titulación. Deste xeito puxose en marcha por parte do profesorado unha atención individualizada aos estudantes, sempre tendo en conta a normativa vixente segundo o escenario aplicable á situación sanitaria para respetar a adquisición das competencias previstas na MVT, e recuperando a presencialidade en canto a normativa o permitiu. Tendo esta situación en mente, podemos facer as seguintes reflexións respecto a este punto.

En canto ao **tamaño dos grupos expositivos e interactivos axústanse á normativa PAA da USC**, así como este tamaño dos grupos, tanto para a docencia interactiva como expositiva resulta **axeitado**. A planificación da docencia permiten afirmar que se dan a este respecto as condicións establecidas na memoria de verificación do título, e que permiten que os alumnos acaden as competencias vencelladas á titulación, e que amosan os resultados da aprendizaxe (taxa de éxito, taxa de rendemento, etc.,...)

Por outra banda, a comisión académica reflexionou sobre os indicadores de mobilidade do alumnado do máster, chegando á conclusión de que unha boa parte dos estudantes deste master son de fora, tratándose dun título que “importa” estudantes pola especialización da formación que se imparte. Sen embargo, e posible que para algunha acción específica se poida aconsellar algún complemento formativo fora da USC. A este respecto, ponse de manifesto a **dificultade de que o alumnado poda realizar accións de mobilidade en titulacións de 60 créditos**, que se cursan nunha única anualidade, nos que o intercambio tería que circunscribirse a un semestre. O que se ten debatido na CAM a este respecto e a posibilidade de que os estudantes poidan cursar ambas especialidades en dous cursos. Se esta opción prospera, cabería a posibilidade de iniciaran accións de mobilidade, no segundo ano, dado que contarían con un primeiro período sen docencia (de setembro ata decembro). Neste sentido incluímos unha acción de mellora de cara a promover cursar a dobre especialidade (AM_MPTOXF_1) o que será un atractivo de interese para os estudantes.

Por outra banda, identifícase unha importante demanda deste master de estudantes de fora de Galicia e mesmo extranxeiros. No curso 2019-2020 hai un 37.5% de estudantes de fora de Galicia, dos que un 25% son nacionais e un 12.5% son de Latinoamérica.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.


Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A CAM ten nomeado a un profesor coordinador de cada especialidade que da conta directa das cuestións que poidan xurdir vinculadas a cada unha de elas.

Na súa estrutura, o master conta con un **Plan de Acción Titorial** (ver gráfico 1), que ven reflexado na MVT. O PAT contempla accións dirixidas a tódolos estudantes do máster que están supervisadas polo coordinador xeral do Plan de Acción Titorial, e que básicamente atenden a aspectos como: difusión e publicidade do máster, acollida e benvinda dos estudantes, orientación e tutoría a alumnos con algunha necesidade específica e aos que proveñen de outros países, identificación e avaliación de necesidades do grupo, planificación da atención a estas necesidades, organización de actividades de formación de carácter xeral (competencias transversais, preparación do curriculum, presentación a entrevistas de traballo, busca de emprego,...), orientación sobre mobilidade, orientación xeral sobre o TFM. Por outra banda, tamén se contemplan outras accións contextualizadas segundo a especialidade elixida por cada alumno, incluíndo aspectos académicos e de inserción laboral, nun marco de confidencialidade e de respecto a súa autonomía. Cabe destacar o alto grao de coordinación existente entre os coordinadores o que posibilita levar a cabo unha acción titorial de calidade e a mellora do proceso de ensinanza aprendizaxe dos estudantes.

Destaca tamén na especialidade de Psicoloxía Xurídica e Forense a existencia dun **Grupo de Innovación Docente (INDOPSIFORENSE)** que vincula a tódalas materias optativas da especialidade (Intervención en Psicoloxía Xurídica e Forense, Psicoloxía Xurídica e Forense no ámbito Penal; Psicoloxía Xurídica e Forense no ámbito Civil e Social; Psicoloxía Xurídica e Forense do Menor e da Familia) e que permite unha coordinación moi axustada de toda a especialidade.

Gráfico 1. Estrutura do Plan de Acción Titorial (PAT))



En canto ás **prácticas externas**, esta titulación conta con unha materia de cada especialidade, *Psicoloxía Xurídica e Forense*, e *Psicoloxía do Traballo e as Organizacións*. A comisión académica valora positivamente que se habilite no máster a figura dun **coordinador por cada materia de prácticas** externas, despois da experiencia adquirida nas primeiras promocións do anterior título. Estes dous coordinadores das materias de prácticas, son profesores da súa respectiva especialidade con ampla experiencia na interlocución cos titores profesionais, e que veñen realizar este labor de apoio e **coordinación ao proceso**. A participación dos estudantes na comisión académica, mediante a representación do alumnado de cada promoción, enténdese como un mecanismo áxil de análise da coordinación intra e intermaterias. Ademais o **Plan de Acción Titorial**, e a interlocución co coordinador do máster fai posible a detección de incidencias.

En resumen, o master contempla a existencia de diferentes figuras clave no rol de coordinadores (de especialidade, de especialidade no PAT, de prácticas) que posibilita unha axeitada coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias de cada especialidade, evitando duplicidade de contidos e valorando a complementación da formación necesaria e non prevista no plan de estudos.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Este máster que segundo consta na MVT vai dirixido a graduados/as en psicoloxía e en relacións laborais, conta con criterios específicos de acceso. No curso 2019-2020, o 100% dos alumnos que son seleccionados proveñen do grao ou licenciatura Psicoloxía, tratándose polo tanto dun master de referencia para este grao. Tamén se considera alta a nota de acceso ao título (un 7.77 de media, non habendo ningún estudante con unha cualificación inferior a 6).

En canto ao perfil de ingreso tendo en conta a universidade de orixe, neste curso contamos con un 62.5% de estudantes que proveñen do SUG, e un 35.5% de fora de Galicia. **A CAM** valora positivamente a demanda de estudantes que ingresan ao master procedentes de fóra da comunidade autónoma (no curso 2019-2020, Andalucía, Asturias, Cataluña, Canarias e Navarra). A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados no curso 2019-2020 foi de 12.5% (procedencia de Chile, Ecuador, Honduras e México), seguindo a tendencia que viña sendo marcada polo título anterior. A elevada demanda de fóra da comunidade, como xa se comentou, non se sustenta en ningún programa de mobilidade, xa que a taxa de alumnos/as en programas de mobilidade continua a ser cero en todo o histórico do máster, fundamentalmente por tratarse dun título anual. A CAM entende que este aspecto podería ser correxido para aqueles estudantes que cursaran a dobre titulación do master, polo que se propon unha acción de mellora que contribue neste sentido (AM_MPTOXF-1).

Aínda que non contamos con complementos de formación nesta titulación, a CAM quere destacar o labor desenvolvida dende o **Plan de Acción Titorial** a través do que se ofrecen actividades formativas que contribúen á nivelación de competencias formativas e informacionais. No curso 2019-2020, si ben é certo que a situación derivada do estado de alarma sanitaria pola COVID-19 obrigou a abortar algunha das actividades previstas (taller de empregabilidade, taller de orientación laboral,...) sí se poideron levar a cabo outras actividades formativas (por exemplo, o seminario de introdución ao sistema xurídico ou o seminario de búsqueda en bases de datos científicas) que teñen moi boa acollida por parte do alumnado.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A USC conta cunha **Normativa** en materia de transferencia e recoñecemento de méritos (RR do 15 de abril de 2011) que inclúe como requisito a adecuación entre as competencias e os coñecementos asociados ás restantes materias cursadas polo estudante e os previstos no plan de estudos ou ben que teñan carácter transversal. De igual modo, a Normativa de permanencia da USC, inclúe límites no número de créditos que se poden matricular por ano, así como a obrigatoriedade de matriculación nas materias pendentes de cursos anteriores, que contribúen á mellora da taxa de eficiencia do título

Se plantexa como acción de mellora (AM_MPTOXF_2) elaborar un regulamento de TFM do máster (AM_MPTOXF_2.1) que será elevado á Asesoría Xurídica da Universidade, de maneira que estará adaptado ás modificacións da Normativa de TFM da USC. No mesmo sentido se encontra en trámite o proceso de **adaptación oficial do PAT** que existía no anterior título ás características da nova titulación (AM_MPTOXF_2.2). Outras normativas e regulamentos relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe pódense consultar nas seccións de **Estudantes e Calidade da Docencia** e de **Xestión Académica da web de Normativas da USC**. En canto ás prácticas externas, o Regulamento de **Prácticas Académicas Externas da USC**, aprobada en Consello de Goberno, establece o réxime xurídico das prácticas, desde a conformación e control da oferta á aprobación de convenios con empresas e entidades, e a avaliación e recoñecemento das prácticas realizadas. En relación á aplicación das distintas normativas, a comisión académica destaca

tamén a contribución ao bo funcionamento do título da **Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións**, da USC, que garante as condicións básicas do proceso de avaliación de resultados da aprendizaxe. Neste sentido propoñemos unha acción de mellora, para axilizar e operativizar mais tanto o TFM como o practicum (AM_MPTOXF_2.3).

Para valorar o impacto da aplicación das distintas normativas e regulamentos, a comisión considera que os indicadores analizados de maneira transversal noutros criterios contribúen a dar conta de como o estudante adquiriu as competencias xerais e específicas do título (p.e, taxas de éxito=100%, taxa de rendemento= 98.32, resultados do PAT, etc.), datos que son altamente satisfactorios.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información pública sobre os máster da USC, agrúpase por áreas de coñecemento, de xeito que ao elixir "Estudar", enlácese con este máster dende as "Ciencias Sociais e Xurídicas" atopamos información en tres niveis:

- Nun **primeiro nivel** a web dos máster ofrece información xeral e relevante a tódolos grupos de interese: *prazas ofertadas, centros de impartición, datos de contacto, e unha pequena presentación, e acceso a procesos de matrícula ou mais información.*
- No **segundo nivel**, amplíase a información de contidos: *a quen vai dirixido (con detalle dos criterios de admisión), equipo docente, habilidades de competencias, desenvolvemento e plan de estudos.* Neste segundo nivel, a páxina institucional inclúe tamén información sobre a Admisión e matrícula, Bolsas e axudas e Normativa de estudantes e calidade da docencia.
- Dende o anterior pódese acceder ao **terceiro nivel** de mais información sobre o máster, na que se aporta detalle sobre obxectivos, competencias, saídas profesionais, plan de estudos, oferta e admisión e outra información de interese. Este **terceiro nivel** está vencellado á web onde se imparte o título, a Facultade de Relacións Laborais, de xeito que se amplía a información sobre a titulación (*enlace ao plan de estudos completo así como ás guías docentes das materias, e ao profesorado da titulación, infraestruturas, etc..*)

A web institucional contén polo tanto información relevante e actualizada para estudantes e futuros estudantes, que ademais pode ser complementada na Web Propia do Máster que a CAM propón como unha acción de mellora (AM_MPTOXF-3).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregarlos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGIC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora. Na páxina web da Facultade de Relacións Laborais existe un apartado específico de calidade onde se centraliza a información pública asociada a este sistema: <http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/calidade.html> Por outro lado, os criterios que no seu momento permitiron a supresión da Comisión do Título de Grao e a asunción das súas funcións pola Comisión de Calidade do Centro, non se manteñen no Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Máster da USC (Aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017). Por este motivo, está previsto no Centro de Santiago o desdoblamento desta Comisión así como a correspondente modificación do Manual de Calidade simplificado.

Existe un procedemento para plantexar queixas e reclamacións que se desenvolve de xeito áxil e transparente.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise dos resultados do título e a toma de decisións para a mellora levan a cabo de modo sistemático, segundo o explicitado no Manual do SGIC, pola Comisión do Título, que anualmente analiza devanditos resultados e elabora un informe de seguimento e propostas de accións de mellora; ambos son sometidos á Comisión de Calidade do Centro que os revisa e, no seu caso, realiza suxestións, e son aprobados finalmente pola Xunta de Facultade; como colofón do proceso, os informes de seguimento son elevados anualmente á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG), incorpóranse á Memoria de Calidade Anual da Facultade, e son tidos en conta para a actualización da Programación Plurianual do Centro. No seguimento anual analízanse, ademais do desenvolvemento e os resultados do título, a execución e eficacia das accións de mellora propostas no exercicio anterior e, no seu caso, as recomendacións derivadas dos procesos de avaliación externos (verificación, seguimento, renovación da acreditación).

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as

melloras oportunas.


Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A revisión dos procesos e procedementos del SGIC (Ver Gráfico 2) lévase a cabo mediante un traballo cooperativo dos representantes de todos os grupos de interese externos á institución (círculo exterior do diagrama) e pertencentes a ela (círculo intermedio).

Gráfico 2. Dinámica da xestión do SGC da Facultade de Relacións Laborais (USC)



Son as comisións representadas no círculo interior (de título de grao, académicas dos masters, intercentros e interuniversitaria, de TFG) as que, a través do seu desempeño e, no seu caso, dos Informes respectivos, alimentan á **Comisión de Calidade** (representada na figura central). Esta última cataliza a actividade dos elementos anteriormente referidos (cuxas interrelacións se representan con dobre frechas), elaborando e aprobando a proposta de modificación

e mellora dos procesos e procedementos do SGIC. Cabe indicar que, dentro da comisión de calidade, ademais das referidas no gráfico 2, existe unha **Comisión de Xénero**, de recente creación, que aínda non está incluída no esquema por estar en proceso da súa aprobación final pola comisión.

O funcionamento da estrutura descrita no diagrama, e a que garante, a través da continua planificación e avaliación desa mesma estrutura do proceso e dos resultados a consolidación dunha cultura de calidade xa asumida pola Facultade de Relacións Laborais.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A comisión académica **valora positivamente os indicadores e evidencias** que dan conta deste criterio relativo aos recursos humanos da titulación (N=13), reflexionando positivamente respecto ao seu nivel de cualificación (tanto por experiencia docente como investigadora) para impartir a docencia nas materias do máster dun xeito acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Neste sentido, da análise do cadro de profesorado podemos salientar:

- O 76.9% é **funcionario de carreira**, que segundo o POD 2019-2020, imparte aproximadamente o 85% das horas de docencia. Ademais deste dato que reflicte unha elevada estabilidade do profesorado (76.92% son funcionarios) por encima da media da área de ciencias sociais e xurídicas (45.35%) e da media da USC (61.35%).
- Temos que engadir que o 100% **son doutores**, dato por encima da media da área de ciencias sociais e xurídicas (77.98%) e da USC (89.94%).
- Conta cunha elevada **cualificación investigadora** (o 100% ten algún sexenio, dato por encima da media da área que é o 78.75% e mesmo da media da universidade o 88.97%). Concretamente se contabilizan un total de 41 sexenios (promedio de 4.01 por docente).
- Tamén se pode deducir unha alta **cualificación docente**, contabilizando un total de 56 quinquenios (cun promedio de 5.6).

Esta cualificación do cadro docente é aplicable ao profesorado que exerce as titorizacións de Tránsito Fin de Máster e de Prácticas Externas, nos que se procura ademais unha asignación de profesorado experto da especialidade do máster (hai unha profesora coordinadora de prácticas externas para cada especialidade).

Estes indicadores tamén se ven avalados tanto pola satisfacción do profesorado con docencia impartida (M=5.00) como pola valoración da satisfacción que fan os estudantes co profesorado (M=4.82).

Así mesmo, e no que se refire á innovación docente, como xa se comentou, o título conta cun grupo de **Innovación Docente da USC na área de psicoloxía xurídica e forense (INDOPSIFORENSE)** que inclúe a todos os profesores que

imparten docencia nesta especialidade do master posibilitando unha maior coordinación dos contidos así como contar con recursos docentes que se poñen a disposición dos alumnos.

A formación docente continua a ser de interese para o profesorado do máster, participando en accións formativas da USC no eido do Programa de Formación e Innovación Docente (FPID), que se viu incrementada esta participación neste curso académico, por mor de dar resposta á necesidade de actualización e aprendizaxe de novas ferramentas telemáticas (por exemplo, Teams, aplicacións do campus virtual,...) que dende a USC se puxeron a disposición de profesores e estudantes, debido a situación de pandemia provocada pola COVID-19.

A boa disposición de profesores e estudantes posibilitou que esta problemática, con implicacións moi importantes debido a tratarse dun master profesionalizante no que a ensinanza-aprendizaxe de competencias profesionais debe facerse exclusivamente de xeito presencial. Sen embargo, hai que afirmar que practicamente a totalidade da docencia expositiva e interactiva poido facerse de xeito presencial (dado que cando se iniciou a situación de estado de alarma, o 15 de marzo de 2020, xa se tiñan impartido as materias obrigatorias e optativas). Respecto aos créditos de prácticas externas que quedaron en suspenso dende marzo ata xuño, se retomaron a partir de este mes.

Hai que destacar, neste sentido que a **satisfacción do alumnado coa docencia recibida** para o curso 2019-2020 é **moi elevada** (media=4.60).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio directo na Facultade de Relacións Laborais provén de dous efectivos, un Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento e unha Secretaría do Decanato, ambos postos están desempeñados por funcionarias de carreira da escala C1, que atende a xestión administrativa da Facultade (un grao, dobre grao, e dous másteres), ao redor de 600 alumnos/as. A incorporación de este persoal prodúcese en novembro de 2016, resultado dun proceso de concurso de traslados. Ademais contamos con un Responsable de Asuntos Económicos, compartido coa Facultade de Ciencias Políticas e da Administración, destinado á xestión da área económica de ambos centros.

A dotación de persoal de apoio é **manifestamente insuficiente** para as demandas administrativas crecentes e mais porque xa non se contou neste curso coa persoa de posto base de apoio coa que se contaba dende febreiro de 2018..

En canto á formación do PAS que está destinado na actualidade, 2 titulados universitarios (Responsable de unidade de xestión e posto base) e 1 con Bacharelato (Secretaría), polo que conta coa cualificación axeitada para os postos dos grupos esixidos (C2 -C1 para posto base, C2-C1 para a secretaría de dirección e C1-A2 para o posto de Responsable de Unidade). Ademais, no eido da formación do PAS, dende a EGAP (Escola Galega de Administración Pública) contamos con unha oferta formativa anual a tres niveis (presencial, teleformación e autoformación) que complementa o propio plan Formativo da Universidade.

A USC conta con outros apoios ao alumnado a nivel centralizado como son: o Servizo de Xestión Académica, na que se integra en cada un dos campus (Norte, Vida e Lugo) as Unidades de Xestión Académica que dependen do citado servizo; a Oficina de Información Universitaria (OIU); a Oficina de Análise de Reclamacións (OAR); o Servizo de Orientación Laboral e Emprego; o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, que integra o Servizo Universitario de Residencias, Becas e Axudas, Servizo de Relacións Exteriores; o centro de Linguas Modernas (CLM); entre outros.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión Académica quere poñer en valor a atención que se presta dende o máster ás necesidades especiais e de xénero. Así, o **Plan de Acción Titorial do Máster** recolle información nas entrevistas individuais realizadas ao alumnado, sobre as necesidades específicas persoais, tales como responsabilidades familiares, cargas de traballo, ou diversidade funcional. Nestas situacións propóñense algunhas medidas encamiñadas á igualdade de oportunidades. Preténdese incidir con esta práctica na orientación persoal e o apoio, para compensar situacións de desigualdade coas que podan acceder á titulación: Planificación de convocatorias para a presentación do Traballo Fin de Máster; Adaptación e ou flexibilización, no seu caso, do horario das clases prácticas na modalidade grupal (mañá ou tarde); Reforzo en materias obrigatorias e optativas segundo o caso; Adaptación de actividades de avallación continua (p.ex. para cumprimento de prazos); Contacto continuado coa persoa titora.

A Biblioteca Universitaria (BUSC) ofrece un fondo documental amplo e actualizado tanto de libros como de publicacións periódicas, así como de documentos de acceso dixital. Conta tamén con espazos de traballo dentro das súas instalacións. Desde a Comisión Académica queremos destacar a recomendación que se realiza ao profesorado que

coordina as materias de revisar a dispoñibilidade dos recursos bibliográficos que se inclúen nas guías docentes das materias

Os espazos da facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, e cóntase con prazas de aparcadoiro reservadas nas inmediateiros dos accesos. Por outra banda, **o Servizo de Prevención de Riscos da USC** pon en práctica diversos plans para a promoción da seguridade, hixiene e ergonómia no traballo. Ademais, a Facultade adhiéuse aos Plans de Autoprotección deste servizo, implicando a estudantes, PDI e PAS, co fin de fomentar a seguridade e promover os recursos para un afrontamento eficaz de situacións de emerxencia.

A USC dispón dunha Unidade de Xestión Académica (UXA) que, dun modo centralizado, desenvolve os procesos de xestión administrativa de interese para o estudante (matrícula, certificados, convalidacións, actas...). Gran parte destas xestións poden ser tramitadas polos estudantes a través da Secretaría Virtual.

A Oficina de Información Universitaria (OIU) proporciona servizos de información, orientación e asesoramento para a incorporación na USC e para a xestión das necesidades da titulación. A este respecto, a USC, na súa **Área de Orientación Laboral**, pon a disposición dos estudantes múltiples actividades para a formación en procura de emprego, intermediación laboral entre empresas e estudantes/titulados e outros recursos de interese profesional. Por outra banda, a integración de estudantes con necesidades especiais é tamén promovida a través **do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU)**, que ofrece medidas de apoio a estudantes con discapacidade, asesoramento para a realización de adaptacións curriculares, aloxamentos a estudantes con necesidades especiais e información sobre bolsas específicas para estes estudantes. Neste sentido, a comisión académica resalta a importancia das **accións de acollida (nivel título) aos estudantes** que se iniciaron nas dúas últimas edicións, coordinadas desde o Plan de Acción Titorial do Máster. Aos estudantes de novo ingreso facilítaselles unha **guía de información específica sobre a universidade, servizos, a facultade, a titulación, plan de estudos, horario de materias, recursos humanos e materiais**.

En suma, a Comisión Académica valora en función da evidencias coas que contamos que se aseguran as condicións para que os estudantes adquiran as competencias recollidas na memoria de verificación do título.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Pese as consecuencias da situación derivada da COVID-19 nos aspectos académicos, a CAM valora que os resultados da aprendizaxe e das competencias nas materias obrigatorias e optativas son altamente satisfactorios. O alumnado amosa a adquisición das competencias necesarias en cada materia seguindo o sistema de avaliación que se corresponde coa memoria de verificación, e no que se inclúen probas de coñecemento ou mixtas (obxectiva e coñecemento), ademais da realización e defensa de traballos de carácter individual e grupal.

Dos indicadores e evidencias dispoñibles, tales como as listaxes de cualificacións, dedúcese que superan todas as materias o 100 % dos alumnos. Segundo o informe de acreditación de cualificacións das materias do plan de estudos, a porcentaxe de alumnos que acadan unha cualificación de notable ou sobresáinte é elevada. Ademais, os estudantes optan pola primeira convocatoria, de maneira que os non presentados son practicamente residuais en todas as materias. Con mención expresa aos Traballos Fin de Máster, valóranse as cualificacións obtidas como garantes dunha boa adquisición de competencias. As circunstancias especiais do curso 2019-2020 implicaron que 4 estudantes non presentaran o TFM. As avaliacións do TFM para os estudantes que o presentaron, parecen concordar, cos resultados obtidos polos estudantes noutras materias. As taxas de rendemento da titulación son satisfactorias, segundo se aprecia na táboa seguinte. A este respecto, sinalar que se superan as taxas previstas na MVT (Taxa de rendemento=98.32%; Taxa de éxito=100%; Taxa de avaliación=98.32%).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A comisión académica valora positivamente a demanda da titulación, que se mantén ao longo das distintas edicións. Para o curso 2019-2020 a **demanda triplicou á oferta de prazas**, sendo ademais titulación de primeira opción. Así, para o curso 2019-2020, ofertáronse 25 prazas, que acadaron unha taxa de ocupación do 96% (non se acadou o 100% porque houbo un caso que retirou a súa matrícula nada mais comenzar o curso debido a unha grave situación persoal sobrevida). En canto aos **indicadores de resultados**, tanto a taxa de avaliación (98.32%), éxito (100%) ou rendemento (98.32%), reflicten **un resultado satisfactorio**, en liña coas previsións realizadas na memoria de verificación do título.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto aos índices de satisfacción cos distintos grupos de interese (profesorado, persoal de apoio, e estudantes) os datos dispoñibles revelan avaliacións concordantes. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida en todas as series é moi elevada. Así, a valoración global da satisfacción coa docencia do primeiro semestre e de 4.82, e coa docencia do segundo semestre (en boa parte en estado de alarma) foi de 4.17. A comisión académica quere destacar que o alumnado dá conta nestas enquisas do elevado grao de cumprimento do programa do título e do plan de traballo previsto (M=4.79).

O dato da **satisfacción** global do profesorado coa titulación (M=4.42) e moi elevado do mesmo xeito tamén é elevada a valoración **do profesorado coa docencia impartida** (M=5.00).

En xeral, valórase a concordancia nos resultados obtidos e a necesidade de mellorar a participación nas enquisas por parte de tódolos colectivos implicados.

Pese aos datos comentados, a CAM reflexiona na necesidade de motivar aos grupos de interese e fundamentalmente aos estudantes, profesorado, egresados e persoal administrativo vinculado á titulación, de cara a aumentar a participación no cumprimento das enquisas, plantexando unha acción de mellora neste sentido (AM_MPTOXF-4).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e

profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo o Estudo de Inserción Laboral do SIIU (Fonte: Variables e indicadores de Seguridade Social, Análise transversal, SIIU, Ministerio de Educación), que corresponde á cohorte de egresados en 2013-14, a taxa de afiliación dos egresados do máster acada un 42%, 1 ano despois, e mesmo no grupo de cotización universitario (64.3%), e ascende 2 anos despois ata o 67.7%, cunha porcentaxe dun 76.2% no grupo de universitarios. Polo tanto, consideramos que os resultados existentes sobre inserción laboral son satisfactorios, se temos en conta ademais a situación do mercado laboral e o emprego nos últimos anos.

3.MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	https://www.usc.gal/gl/centros/rlaborais/programas.html?plan=17678
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Carpeta E5
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Carpeta E6
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4317014_P.Ind_2019-2020
			4317014_INF.16_2019-2020
			4317014_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4317014_I2_2019-2020
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4317014_P.Ind_2019-2020
			5024_INF.03_2019-2020
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información	https://www.usc.gal/gl
			https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais

		referida "Información mínima pública*")	https://www.usc.gal/gl/centros/rlaborais/ https://www.usc.gal/gl/centros/rlaborais/titulacions.html?plan=17678&estudio=17679&codEstudio=16937&valor=9
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	http://www.usc.gal/gl/centros/rlaborais/calidade.html
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	http://www.usc.gal/gl/centros/rlaborais/calidade.html
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	http://www.usc.gal/gl/centros/rlaborais/calidade.html
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4317014_P.Ind_2019-2020
			4317014_INF.04_2019-2020
			5024_INF.05_2019-2020
			4317014_INF.06_2019-2020
			4317014_INF.07_2019-2020
			4317014_INF.08_2019-2020
			4317014_INF.09_2019-2020
			5024_INF.10_2019-2020
			5024_INF.11_2019-2020
			4317014_INF.13_2019-2020
			4317014_INF.14_2019-2020
			5024_INF.21_2019-2020
			4317014_INF.22_2019-2020
4317014_INF.23_2019-2020			

			4317014_Informe_de_indicadores_2019-2020
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4317014_P.Ind_2019-2020
			4317014_Informe_de_indicadores_2019-2020
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4317014_E15_2019-2020
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5024_E16_2019-2020
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5024_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5024_I6-I7_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4317014_INF.13_2019-2020
			4317014_INF.14_2019-2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5024_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	http://www.usc.gal/gl/centros/rlaborais/infraestructuras.html Guía informativa
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	http://www.usc.gal/gl/centros/rlaborais/titulos.html http://www.usc.gal/es/servizos/ore/ http://www.usc.gal/gl/goberno/vrestudiantes/index.html
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Carpeta E20
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor e calificación)	Carpeta E24

6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4317014_INF.15_2019-2020
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4317014_P.Ind_2019-2020
			4317014_INF.17_2019-2020
			4317014_INF.18_2019-2020
			4317014_INF.19_2019-2020
			4317014_INF_SIIU_2019-2020
			4317014_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4317014_P.Ind_2019-2020
			4317014_INF.CIUG_2019-2020
			4317014_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	I14	Resultados de inserción laboral	4317014_EIL-SIIU_2019-2020 4317014_EIL-ACSUG_2019-2020
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	4317014_P.Ind_2019-2020 4317014_Informe_de_indicadores_2019-2020 4317014_MedUSC_2019-2020

PLAN DE MELLORAS

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM_MPTOXF_1
Orixe	Reflexión CAM
Ámbito de aplicación	Dimensión 1. A Xestión do título Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	--
Definición/ descrición proposta	Promover a dobre especialidade do título
Datas	Finalización: 31/08/2022; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Coordinador master Decanato
Tarefa1	AM_MPTOXF_1.1
Descrición tarefa	Iniciar unha consulta aos estudantes sobre si lles resultaría de interese recibir información específica sobre a dobre especialidade
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	Coordinador master Decanato
Estado	Activa
Tarefa1	AM_MPTOXF-1.2
Descrición tarefa	Elaborar un plan de difusión do master salientando a dobre especialización en Psicoloxía Xurídica e Forense e Psicoloxía do Traballo e as Organizacións

Data prevista de finalización	31/08/2022
Responsable	Coordinador master Decanato
Estado	Activa

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM_MPTOXF_2
Orixe	Reflexión CAM
Ámbito de aplicación	Dimensión 1. A Xestión do título Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	--
Definición/ descrición proposta	Mellorar a transparencia da información respecto aos procesos de TFM, Prácticas Externas e PAT do master.
Datas	Finalización: 31/08/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables	Coordinador master Coordinadores PAT Coordinación de TFM Coordinadoras de practicas externas de especialidades
Tarefa1	AM_MPTOXF_2.1
Descrición tarefa	Elaborar un regulamento de TFM do máster
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	Coordinador master Coordinador de TFM
Estado	Activa
Tarefa2	AM_MPTOXF_2.2.
Descrición tarefa	Elaborar un regulamento do PAT
Data prevista de finalización	31/08/2021

Responsable	Coordinación do PAT
Estado	Activa
Tarefa3	AM_MPTOXF_2.3
Descripción tarefa	Elaborar un regulamento das practicas externas
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	Coordinadoras de practicas externas de especialidades
Estado	Activa

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM_MPTOXF-3
Orixe	Reflexión CAM
Ámbito de aplicación	Dimensión 1. A Xestión do título Criterio 2. Información e transparencia
Análise causa	--
Definición/ descrición proposta	Construir unha web propia do master que complemente a web institucional
Datas	Finalización: 31/08/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables	Coordinador
Tarefa1	AM_MPTOXF_3.1
Descrición tarefa	Revisar a información pública dispoñible na páxina web do título institucional e na web propia para depurar a información errónea e asegurar a súa fiabilidade.
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Coordinador
Estado	Activa
Tarefa2	AM_MPTOXF_3.2
Descrición tarefa	Incorporar á paxina web do título a información particular que o define (por exemplo, Plan de Acción Titorial, guías de TFM, guías de materias, actividades desenvolvidas,...)
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	Coordinador
Estado	Activa

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM_MPTOXF_4
Orixe	Reflexión CAM
Ámbito de aplicación	Dimensión 3: Resultados Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	--
Definición/ descripción proposta	Continuar coa difusión da cultura de calidade e participación dos grupos de interese do centro e da titulación (profesorado, estudantes, egresados, PAS,...)
Datas	Finalización: 31/08/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Coordinador master Decanato centro Comisión de calidade
Tarefa1	AM_MPTOXF_4.1
Descrición tarefa	Analizar as datas mais axeitadas para realizar as enquisas e a súa difusión, ademais de analizar a evolución da participación
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	Decanato
Estado	Activa
Tarefa2	AM_MPTOXF_4.2
Descrición tarefa	Promover e fomentar a participación nas enquisas dos grupos de interese
Data prevista de	31/08/2021

finalización	
Responsable	Coordinador
Estado	Activa
Tarefa3	AM_MPTOXF_4.3
Descripción tarefa	Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade nas enquisas de satisfacción para o correcto funcionamento do SGIC
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	Coordinador master Decanato centro Comisión de calidade
Estado	Activa
Tarefa4	AM_MPTO-4.4
Descripción tarefa	Difundir os períodos de enquisas así como os resultados das mesmas a través de diferentes canais (páxina web do centro, correo electrónico)
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	Coordinador master Decanato centro Comisión de calidade
Estado	Activa